

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DRUPAL PARA A REALIZACIÓN DA DRUPALCAMP2025 UN ENCONTRO PARA PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE DRUPAL EN GALICIA

En Santiago de Compostela

### REUNIDOS

Dunha parte, **don Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte **don Sergio Elvira Pérez**, Presidente da Asociación Española de Drupal (co NIF G86023439 ), domiciliada na C/ Hermosilla 48. 1D. 28001 (Madrid), constituída o 2 de Maio de 2010 en Madrid, con facultades para a formalización do presente convenio de acordo aos seus estatutos.

Interveñen no nome das entidades que representan, en función dos seus respectivos cargos e en virtude das facultades que teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus



estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.** A Asociación de Usuarios de Drupal de España (en diante AED) é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten coma principais fins:

- Fomentar o uso do software libre coñecido coma DRUPAL en España.
- Organizar, fagrupar e representar os usuarios de Drupal en España.
- Incentivar e canalizar a participación comunitarias dos mesmos.

Que as principais activiades de AED son:

- Levar a cabo calquera tipo de acción en apoio do desenvolvemento, comunicación, promoción, formación e distribución do software libre coñecido como DRUPAL.
- Colaborar nas accións que poidan levar a cabo outras asociacións dentro do ámbito de actuación desta entidade.
- Colaborar en proxectos de software libre en concordancia co resto de finalidades e ámbitos desta entidade.
- Organizar, apoiar e celebrar reunións anuais ou de calquera outra periodicidade abertas a todas as persoas que queiran acudir, sexan socios ou non, co fin de dar a coñecer o software libre Drupal.

**Terceiro.** A Xunta de Galicia, ante o escenario dixital que nos rodea, motor dunha



sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital –solidaria e inclusiva– e á transparencia e participación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico de Galicia, está a impulsar medidas dinamizadoras da economía galega. Neste contexto, o sector das TIC galego debe converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todas as persoas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así mesmo, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Por outra banda, o Plan de Acción de Software Libre da Amtega ten como un dos seus principais obxectivos investir no fomento do software libre como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración nos últimos anos e en definitiva fomentar o uso e implantación do Software Libre por parte das administracións públicas, empresas e cidadanía.

**Cuarto.** A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios o impulso á implantación do Software Libre e o uso de estándares abertos na nosa comunidade como peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información en condicións de igualdade, axudando ademais a un mellor desenvolvemento da industria TIC local.

**Quinto.** Para levar a cabo a devandita finalidade preténdese a posta en marcha dunha serie de actuacións en colaboración con AED para o fomento da Sociedade da Información e o fortalecemento do sector das TIC galego, de cara a facilitar a sustentabilidade tecnolóxica e o incremento da produtividade aproveitando as



vantaxes do Software Libre e garantindo a interoperabilidade mediante o uso de estándares abertos.

É evidente pois, que á colaboración ente Amtega e AED ten un carácter de gran interese común para as partes xa que contribuirá a:

- Incorporar a accesibilidade as tecnoloxías como condición indispensable das actuacións.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC na comunidade galega.

En consecuencia, a Amtega e a AED acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto**

O presente Convenio de colaboración entre a Amtega e AED ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes anteriormente citadas para a realización de actuacións de comunicación, promoción, formación e distribución do software libre coñecido como Drupal en Galicia, para o fomento da Sociedade da Información en Galicia.

### **Segunda. Ámbito de aplicación.**

A actuación que se desenvolverá en base a este Convenio de colaboración é a seguinte:

### **DRUPALCAMP2025 (ENCONTRO PARA A PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE DRUPAL)**

Levaranse a cabo accións de difusión orientadas ao recoñecemento de accións en defensa dos intereses do colectivo que representa, proxectos innovadores e



persoeiros salientables no mundo do software libre DRUPAL, así como a súa contribución ao fomento da Sociedade da Información e das tecnoloxías libres.

O público obxectivo desta actuación serán empresas, administracións públicas e asociacións do contorno «libre», profesionais e afeccionados, e público en xeral. Estimase a presenza de entre 200 e 300 persoas.

### **Terceira. Compromisos das partes**

As partes asinantes comprometése a desenvolver coordinadamente, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións e medidas necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do presente convenio.

### **Cuarta. Compromiso de AMTEGA**

A Amtega, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

- Liderar e coordinar a xestión da posta a disposición dos espazos dispoñibles por Amtega para a realización do encontro DupalCamps2025 para o fomento do uso do software libre Drupal que se celebra en Galicia.
- Participar activamente en todas as tomas de decisión necesarias para a realización das actuacións previstas neste convenio.
- Colaborar activamente na difusión de todas as actuacións necesarias no convenio.

### **Quinto. Compromiso de AED**

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, AED comprometése a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.





- Colaborar activamente en todas as actuacións previstas neste convenio mediante a súa participación.
- Promover e organizar a actividade prevista na cláusula segunda deste convenio, asignando os medios humanos e demais medios materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a súa execución.
- Asistir a todas as reunións para as que sexa convocado pola Amtega no marco do presente convenio. A AED comprométese a ter representación nas citadas convocatorias de alo menos unha persoa.
- Asegurar o correcto desenvolvemento das actividades citadas na clausura segundo do presente convenio.
- Apoiar toda a difusión relativa á promoción das actividades realizadas no marco deste convenio, reforzando así o alcance das accións de promoción mediante medios propios da AED, tales como redes sociais corporativas, correo electrónico a socios ou páxina web propia.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Facer figurar expresamente a colaboración da Amtega na actuación asociada a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.

#### **Sesta. Financiamento.**

As actuacións previstas no presente Convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

#### **Sétima. Comisión de seguimento e coordinación.**





Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada coma mínimo por un representante da Amtega e un representante da AED, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen xurdir durante a execución do convenio.

A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Amtega, representante con rango de Xefe de Departamento ou en que delegue.
- Pola AED, un membro da xunta directiva ou persoa na que delegue.

A comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra con 5 días cando menos de antelación.

#### **Oitava. Dirección, medios humanos e materiais.**

AED, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

No caso de cesión de datos, cumpríranse as esixencias da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

#### **Novena . Vixencia.**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

#### **Décima . Causa de Resolución**



O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas na normativa aplicable.

Se cando concorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **Undécima. Modificación do convenio**

1. No caso de alteración das condicións tidas en conta neste convenio, poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

2. Así mesmo, cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes poderán acordar a modificación do convenio a través da formalización da correspondente Addenda, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da colaboración.



### **Décima segunda.- Protección de datos.**

As partes comprométense a respectar as previsións contempladas no Regulamento (UE) 679/2016 do Parlamento Europeo e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da AED que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega, e viceversa.

### **Décimo segunda.- Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Mediante a firma do presente convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento os incidentes que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e a execución do presente convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse á xurisdición contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-



administrativa.

### **Décimo novena. Dereitos de explotación e propiedade intelectual**

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como da entrega de copia da documentación á Amtega, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartirlgual (**CC-BY-SA**).

AED debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

AED deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición da sociedade en xeral e da Amtega cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a





obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa colaboración das parte froito do presente convenio.

### **Vixésima.- Publicidade e inscrición en rexistros.**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e ademais na web institucional da EAD.

En proba de conformidade co seu contido, as partes asinan telematicamente o presente convenio de colaboración.

### **Vixésima primeira. Normativa aplicable**

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.





- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio.

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

O presidente da Asociación (AED)

Sergio Elvira Pérez

